



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO
VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN
DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS
VG-4.4 E AG-57.

16.11.2022

1 Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a execución de dous aparcadoiros disuasorios, ubicados en Marín (VG-4.4) e Nigrán (AG-57), co obxecto de captar aqueles usuarios que realizan desprazamentos de media distancia, de modo que poidan estacionar o seu vehículo na zona de aparcadoiro que será tamen punto de encontro para compartir vehículo entre varios usuarios que realicen o mesmo traxecto e así contribuír á mobilidade segura e sostible e á diminución de emisións de gases contaminantes.

3 Descrición da Actuación

Aparcadoiro disuasorio en Nigrán: Aproveitarase un recheo existente no enlace da estrada PO-340 coa AG-57, próximo o pq 8+800 e adxacente o peaxe da saída 9-10 (A Ramallosa-Gondomar).

Terá o acceso dende a estrada PO-340.

Plantexase un aparcadoiro tipo carpool, cunha superficie total de 3.500 m², totalmente accesibles, unha capacidade para 72 prazas, todas en batería, dúas delas para persoas con mobilidade reducida (PMR) e tres puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Disporá ademáis dunha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación dun mínimo de 3,00 m de ancho e de sentido único.

Arredor, no centro do aparcadoiro e na zona norte do mesmo proxectanse zonas verdes para a colocación de arbolado e alumeado, que irán separadas das prazas por un bordo de 22 x 15 cm.

Aparcadoiro disuasorio en Marín: Situado na contorna do enlace da VG-4.4 coa estrada provincial EP-1202, cerca do núcleo de Ameal, no concello de Marín. Terá o acceso dende a EP-1202.

Plantexase un novo aparcadoiro duns 3.000 m² de superficie totalmente accesibles, 82 prazas (79 en batería e 3 en liña), tres de estas prazas seran para PMR e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Contará con carrís de circulación interior de 4,20 m de ancho e dun so sentido e unha banda perimetral de itinerario peonil de ancho variable (min. 1,80 m). Bordeando a zona de aparcadoiro proxectanse beirarrúas, e no centro e nos bordes do aparcadoiro proxectanse zonas verdes donde se instalará o alumeado e o arbolado.

4 Características técnicas

Superficie construída:

Nigrán: 3.500 m²

Marín: 3.000 m²

Sección tipo

- Aparcadoiro: variable (en batería 2,50 x 5,00 m, agás as PMRs que serán de 4,00 x 5,00 m e en liña serán de 2,25 de ancho x 5,00 m de lonxitude.

- Viais interiores: de sentido único cun ancho mínimo de 3,00 m

- Zona peonil: a ambos lados dos viais de ancho variable (mínimo 1,80 m)

Firmes e pavimentos:

- Carrís, prazas de aparcadoiros e outros viais:

20cm de saburra artificial, 20 cm de pavimento de formigón HF-4.0 con mallazo, 15x15x8.

Prazas: de aparcadoiro especiais (PMR e de recarga) 20cm de saburra artificial, 20 cm de pavimento de formigón HF-4.0 con mallazo, 15x15x8, no resto das prazas instalárase pavimento adoquinado de 10 cm de espesor sobre cama de area de 3 cm e 27 cm de saburra.

Carrís interiores: pavimento de 20 cm de espesor de formigón HF-4.0 con acabado esparavelado sobre unha capa de 20 cm de saburra.

- Sendas: Irá elevada 10 cm sobre a rasante da calzada.

Dobre capa de formigón, capa inferior de 8 cm de formigón HF-4.0 e una capa superior de 6 cm de HF-4.0

A capa superior será de terrizo en zonas con edificacións dispersas ou sen edificar, e gris en zonas urbanas

5 Poboación servida

Nigrán 18.005 hab. Marín 24.248 hab

TOTAL 42.253 hab.

6 Concellos Afectados

Nigrán e Marín

7 Expropiacións

Parcelas afectadas 8

Superficie expropiada: 1.467 m² no concello de Nigrán.

Orzamento Total Expropiacións 11.321,57 €

8 Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de NOVE (9) meses.

19 Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE) 1.282.568,25 €


Orzamento Total Expropiacións 11.321,57 €

Orzamento para Coñecemento da Administración 1.293.889,82 €

10 Orzamentos por concellos e estradas

Concello	Estrada	OCA	%
Nigrán	AG-57	683.259,08 €	52,81
Marín	VG-4.4	610.630,74 €	47,19

Situación



Planta actuación

APARCADOIRO NIGRÁN



APARCADOIRO MARÍN

